

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO
PLENO EN DATA 28 DE DECEMBRO DE 2007.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez
Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste a Interventora Municipal D^a Agueda Bello Valdés e actúa como Secretaria D^a M^a del Pilar Acebes Ruano, Secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

Interventora :

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a María del Pilar Acebes Ruano.
Secretaria accidental.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria segundo consta na convocatoria efectuada polo Sr. Alcalde, a urxencia ven motivada porque os puntos 2º e 4º dependen de subvencións da Xunta de Galicia correspondentes ao exercizo 2007 e polo tanto téñense que aprobar antes do 31 de decembro. En canto ao punto 3º ven motivada a urxencia porque o Concello de Ferrol xa regula o prezo da auga para o 2007. O Pleno da Corporación acorda por unanimidade ratifica-la urxencia da sesión.

2º.- PROPOSTA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL. ARES, FENE E MUGARDOS” SEGUNDO ANTEPROXECTO APROBADO DEFINITIVAMENTE O SEIS DE NOVEMBRO DE 2007 POLO PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o Convenio de colaboración entre os concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a exedución da “Actuación de Saneamento na zona Norte da Ría de Ares e na Zona sur da Ría de Ferrol, ares, Fene e Mugardos” segundo anteproxecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible, asinado en data 26 de novembro de 2007.

Vista a Nota Informativa de Secretaría 51/2007 de data 26 de Decembro de 2007 que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

51/2007

Téndose presentado nesta Secretaría copia compulsada de Convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “Actuación de saneamento na zona norte da ría de ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos” de data 26 de Novembro de 2007 segundo anteproxecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, por esta Secretaría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fánse as seguintes observacións:

A) Documentación examinada:

A documentación entregada é unha fotocopia compusada do convenio ao que se fixo referencia anteriormente, polo que as observacións que se farán restan condicionadas ao repertorio documental examinado.

B) En canto ao fondo do asunto, coas limitacións propias desta nota, fánse as seguintes consideracións:

No referido convenio, na estipulación 1 sinala que “ 1.- Os Concellos asinantes comprométese á adquisición conxunta dos terreos necesarios ben mediante acordos amistosos ou expropiacións, trámites que levará a cabo o Concello de Ares por ser o máis afectado no que se ubicará a EDAR, para a execución das obras “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS” SEGUNDO ANTEPROXECTO APROBADO DEFINITIVAMENTE O SEIS DE NOVEMBRO DE 2007 POLO PRESIDENTE DA EMPRESA

PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, e redactado pola empresa PROYFE, S.L., do que resulta segundo anexo nº 9 2PARCELARIO Y EXPROPIACIONES” TOMO II: MEMORIA Y ANEXOS DO ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN: ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL afectadas o número de parcelas e valoracións que de seguido se sinalan

por Concello:
CONCELLO DE ARES: Número de parcelas: 665, superficie total 123.751,00 m²., valoración expropiacións: 813.191,15 €.

CONCELLO DE FENE: Número de parcelas: 39, superficie total: 12.741,00 m²., valoración expropiacións: 184.152,53 €.

CONCELLO DE MUGARDOS: Número de parcelas: 26, superficie total: 6.788,00 m²., valoración expropiacións: 61.023,73 €.

En relación a dita estipulación, na que, como se indicóu, sinalase que os Concellos comprométese á adquisición conxunta dos terreos necesarios ben mediante acordos amistosos, ou expropiacións, trámites que levará a cabo o Concello de Ares , cómpre sinalar o seguinte:

O artigo 6 da Lei galega 8/2001, de 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas dispón que:

“1. Se declara de interese xeral de la Comunidad Autónoma de Galicia el servicio de depuración de aguas residuales urbanas.

2. El ámbito material del servicio comprende la regulación, la planificación, la aprobación definitiva de proyectos, la construcción y la gestión, explotación y mantenimiento de las estaciones depuradoras de aguas residuales, redes de colectores generales y emisarios, submarinos que formen parte de la programación de saneamiento y depuración de la Xunta de Galicia, así como, en su caso, la reutilización de las aguas residuales depuradas.

3. Quedan expresamente excluidas aquellas redes de alcantarillado cuyo proyecto, construcción y gestión corresponda a las entidades locales de forma exclusiva.”

E o artigo 7 da devandita Lei regula as competencias das entidades locais, sinalando que:

“Las entidades locales, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 6.3, ejercerán en materia de depuración de aguas residuales urbanas las competencias siguientes:

1. La promoción, redacción y propuesta a la Xunta de Galicia para su aprobación, previa comprobación de su adecuación a la programación a que se refiere el artículo 6.2, de planes y proyectos de obras e instalaciones.

2. La contratación y ejecución de las obras e instalaciones que les correspondan con arreglo a los planes y proyectos aprobados previamente, y aquellas otras que les encomiende la Xunta de Galicia.

4. La gestión y explotación de las obras e instalaciones, por sí mismas o mediante cualquier fórmula asociativa con otras entidades locales.

5. La participación en la elaboración del Reglamento autonómico regulador del servicio de depuración, en los términos del artículo 10.3”

Resulta, polo tanto, que a Lei 8/2001, de 2 de agosto, declara de interese xeral da Comunidad Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, comprendendo o ámbito material do servizo , entre outros, a construción e a xestión, explotación e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais.

A potestade expropiatoria corresponde a unha pluralidade de suxeitos públicos facultados polo ordenamento para o seu lexítimo exercicio, os que contempla o artigo 2.1 da Lei de expropiación forzosa e lembra o artigo 3, parágrafos 1 a 4 do Regulamento de expropiación forzosa, que son o Estado, as Comunidades Autónomas, tra-la Constitución española, a Provincia e o Municipio. Agora ben, a potestade expropiatoria de ditas Administracións territoriais debe ser exercida por cada unha delas dentro do ámbito material e territorial das súas respectivas competencias.

No suposto que se examina, a xuízo da que subscribe, o Concello de Fene non é titular da potestade para proceder á adquisición dos terreos para a execución da “ Actuación de saneamento na zona norte da ría de ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugaridos”, xa que a Lei o artigo 6 da Lei 8/2001 anteriormente citado declara de interés xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais e especifica que o ámbito material do servizo comprende a regulación, planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a cosntrucción e a xestión, explotación e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e emisarios submarinos que formen parte da programación de sanemaneto e depuración da Xunta de Galicia, así como a reutilización das augas residuais depuradas, polo que neste caso enténdese que a titularidade da potestade expropiatoria correspóndelle á Xunta de Galicia.

Só no suposto no que existise un acordo de vontades previo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Fene para levar a cabo dita obra no que se lle asignase ao Concello de Fene o obxectivo específico en orde á colaboración para a execución de dita obra o de proporcionar os terreos necesarios para a súa construción, materializado no correspondiente convenio previo (que non consta) , podería considerarse a existencia dunna potestade compartida entre ambas administracións públicas (pero sempre no referente aos terreos que se atopan dentro do término municipal do Concello de Fene).

Tendo en conta o anteriormente sinalado, infórmase que , a xuízo da que subscribe, non resulta axustado ao ordenamento xurídico o sinalado no convenio examinado no relativo a que os trámites para a adquisición conxunta dos terreos necesarios ben mediante acordos amistosos, ou expropiacións, os levará a cabo o Concello de Ares.

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o Convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugaridos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “ Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona Sur da ría de Ferrol. Ares, Fene e Mugaridos”, polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa tres(3) planas . A presente nota é o resultado da análise do convenio examinado e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente examinado, polo que as consideracións feitas restan condiciocnadas a posteriores consideracións que poidan derivarse dun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.”

Visto o Informe de Intervención núm. 531/2007 de data 27 de Decembro de 2007 que transcrito di:

INFORME DE INTERVENCIÓN NUM.531/2007

Asunto: convenio de colaboración entre os concello de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición dos terreos para a execución da EDAR.

D.**Agueda Bello Valdés**, interventora do Concello de Fene (A Coruña) ao abeiro do establecido no artigo 214 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais con carácter previo a aprobación dun convenio a subscribir cos Concellos de Ares e Mugardos, ten a ben emitir o seguinte

INFORME

A) Con carácter xeral comprobouse:

1.- Respecto a existencia de crédito axeitado e suficiente.

Neste caso, con cargo ao exercicio 2007 non se contraen obrigas de contido económico, unicamente se recolle un compromiso de consignación nos respectivos orzamentos do ano 2008 as partidas correspondentes para facer fronte ao abono da súa achega.

Compre poñer de manifesto que o acordo será inaplicable mentres dito compromiso dos tres concellos que integran o Concello non sexa real e efectivo, xa que en caso contrario carecerían do crédito axeitado e suficiente para levalo a cabo.

2.- Órgano competente para a súa aprobación.

Debe ser o pleno da Corporación ao estar diante dun convenio, que para o seu desenrolo, vai esixir a delegación de competencias no Concello de Ares, en concreto a delegación de competencia ou a potestade expropiatoria para a expropiación dos terreos sitos neste municipio, si chegado o caso non adquirisen por mutuo acordo.

Neste caso se requirirá maioría absoluta ao abeiro do establecido no artigo 47.2h) da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local por tratarse de *“Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por ley se impongan obligatoriamente.*

B) OUTROS EXTREMOS ADICIONAIS.

1.- De conformidade co artigo 88 da Lei reguladora do réxime xurídico e do procedemento administrativo comun as administracións públicas , así como cos artigos 27 e 57 da Lei 7/85 pola que se aproba a ley reguladora das bases de réxime local, e os artigos 198 e 199 da lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia, é posible levar a cabo convenios de colaboración entre administracións. Nestes preceptos se regula a delegación de competencias e os chamados convenios interadministrativos.

2.- Non consta no expediente un informe de secretaria; unicamente unha nota informativa.

3.- Polo que respecta a determinación do obxecto do convenio.

A actuación descrita no convenio citado entra dentro das actuacións que é posible levar a cabo mediante convenios de colaboración e cooperación, técnica, económica e administrativa para a prestación de servizos ou desenrolo de competencias legalmente atribuídas aos municipios para satisfacer os intereses comúns, como é no presente caso .

Neste senso e aclaratoria a exposición de motivos da lei 8/2001 do 2 de agosto de protección da calidade das augas e de ordenación do servizo publico de depuración de augas residuais urbanas.

Da citada exposición de motivos así como do texto da lei (artigos 6 e 7), poderían extráense potestades compartidas entre os entes locais e a administración autonómica.

Incluso no artigo 7, en relación as competencias dos entes locais: *La contratación y ejecución de las obras e instalacións que les correspondan con arreglo a los planes y proxectos aprobados previamente, y aquelas outras que les encomende la Xunta de Galicia*

No suposto que se examina, a xuízo da que subscribe; o Concello de Fene non sería o titular exclusivo da potestade expropiatoria para proceder á adquisición dos terreos para a execución da " Actuación de saneamento na zona norte da ría de ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos", xa que a Lei o artigo 6 da Lei 8/2001 anteriormente citado declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais. Pero si sería un ente lexitimado ao abeiro do artigo 7 , xa que ten competencias na materia.

En conclusión a todo o dito, e tendo en conta a concurrencia de competencias; sería axeitado; dende o punto de vista formal, que existise un acordo de vontades previo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Fene para levar a cabo dita obra no que se lle asignase ao Concello de Fene o obxectivo específico en orde á colaboración para a execución de dita obra o de proporcionar os terreos necesarios para a súa construción, materializado no correspondente convenio previo.

Entendéndose este extremo facilmente subsanable por parte de ambas administracións publicas en aras a obter unha mellor cobertura legal da súa colaboración mutua.

Este é o meu informe, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito. Non obstante a Corporación fará o que estime mais convinte para os intereses xerais."

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Prestar a súa aprobación ao convenio de colaboración entre os concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da "ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS", segundo anteproxecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, según texto obrante no expediente, asinado en data 26 de novembro de 2007."

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que se trae a consideración do Pleno o convenio asinado recentemente entre os alcaldes de Fene, Ares e Mugardos para levar a cabo esta obra que é financiada pola Xunta de Galicia, que é un proxecto asinado e consensuado coa Consellería de Medio Ambiente dende o ano pasado, que se vai iniciar con cargo aos orzamentos de 2007 da Comunidade Autónoma de Galicia e o primeiro paso é que os Concellos poñan os terreos a disposición da Xunta de Galicia, e o primeiro paso para iso é que os Concellos expropian os terreos e logo poñelos a disposición da Xunta de Galicia. Que o convenio estivo a disposición de todos os Concelleiros, que o mais relevante e que foi obxecto de debate, é que ese proxecto conxunto de expropiación que a Xunta de Galicia solicita facer aos tres concellos implicados para obter

os terreos necesarios para o colector e para a Edar se contempla como un único proxecto e se financia entre os tres Concellos en función do número de poboación, Fene orixinalmente financiaba o sesenta por cento, e froito das conversas conseguiron que se financiara o cincuenta por cento, Ares un vinte e cinco e Mugardos outro vinte e cinco por cento. Basicamente é o que contempla este convenio. Hai un informe de Intervención e unha nota informativa de Secretaría, que esta nota de Secretaría figuraba no expediente e como o informe de intervención no figuraba no expediente da lectura ao mesmo.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o acordo está xa aprobado nos Concellos de Ares e Mugardos, cre que en ámbolos dous por unanimidade.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007 que resulta aprobada por unanimidade tal e como figura transcrita.

3º.- PROPOSTA SOBRE CONVENIO DE REVISIÓN DO SISTEMA DE PAGO E DO PREZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE AO CONCELLO DE FENE POLO CONCELLO DE FERROL.-

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

Visto o Convenio de revisión do sistema de pago e do prezo da subministración de auga potable ao Concello de Fene polo Concello de Ferrol asinado no Palacio Municipal de Ferrol en data 21 de Decembro de 2007.

Visto o Informe de Intervención núm. 540/2007 de data 27 de Decembro de 2007 que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM.540/2007

Asunto: Convenio de revisión do sistema de pago e prezo do subministro de auga potable ao Concello de Fene polo Concello de Ferrol.

D.Agueda Bello Valdés, interventora do Concello de Fene, ao abeiro do establecido no artigo 214 do Real Decreto lexislativo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais con carácter previo a ratificación polo pleno do Concello de Fene ten a ben emitir o seguinte

INFORME

De conformidade co establecido no artigo 88 da Lei 30/1992 reguladora do réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRJPAC) las administracións poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non rode transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule, puidendo tales actos ter a consideración de rematadores dos procedementos administrativos ou insertarse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, a resolución que lles poña fin.

Por outra banda segundo o artigo 31.d) do TRLCAP establece que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación” os convenios de colaboración que, ao abeiro das normas específicas que os regulan, celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, sempre que o seu obxecto non esté comprendido nos contratos regulados nesta lei ou nas normas administrativas especiais.

Neste caso, por tanto compre determinar a natureza do obxecto do contrato para entendela ou non incluído dentro do ámbito de aplicación da lei de contratos. A conclusión non pode ser outra que a consideración do mesmo como un contrato de subministros regulado nos artigos 171 e seguintes do TRLCAP.

En base a elo compre facer as seguintes consideracións do convenio levado a cabo para contratar a prestación do servizo de subministro de auga potable entre o concello de Fene e o Concello de Ferrol:

1. Segundo o artigo 11 os contratos das Administracións públicas axustaranse aos principios de publicidade e concurrencia, salvo as excepcións establecidas pola presente Lei e, en todo caso, os de igualdade e non discriminación.
2. O obxecto dos contratos deberá ser determinado e a súa necesidade debe de xustificarse no expediente de contratación,segundo o artigo 13 TRLCAP.
3. Ao abeiro do artigo 77 do TRLCAP enténdese que os precios establecidos nos contratos son con IVA incluído, salvo mención expresa en contrario.

Por outra banda tamén será de aplicación o réxime dos gastos plurianuais previsto no Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais,no seu artigo 174. 3.

Non obstante, o presente convenio deriva da colaboración entre administración públicas, nas que en opinión da xurisprudencia atopase atenuada a liberdade de contratación, tendo en conta a voluntariedade na prestación dos servizos e a liberdade, que non arbitrariedade na fixación da contía da retribución, e no que se impón como inexcusable a contratación do servizo de subministro a una das administracións participantes no convenio

Este é o meu informe sin perxuízo de calquera outro mellor fundado en dereito. Non obstante, a Corporación fara o que estime mais convinte para os intereses xerais.”

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar o Convenio de Revisión do sistema de pago e do prezo da subministración de auga potable ao concello de Fene polo Concello de Ferrol, asinado entre as partes en data 21 de Decembro de 2007 tal e como figura no expediente.”

Aberto o turno de intervencións fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que este convenio ten sido obxecto de varias preguntas e consideracións dentro do seno desta Corporación sobre o sistema de pagos da auga do Concello de Fene ao Concello de Ferrol como subministradora da auga potable a este municipio, que desde o un de xaneiro de 2007 por parte de Emafesa, concesionaria dos servizos de auga do Concello de Ferrol factura a Fene a auga a 0,15 céntimos de euros que supón o dobre do que o Concello de Fene estaba pagando ata esa data; que tamén se sabe que o Concello de Fene como case todos os Concellos implicados, desde o 1 de xaneiro de 2007 como esa subida do prezo da auga se realizou de xeito unilateral por parte de Emafesa sen consultar e sen chegar a ningún tipo de acordo cos Concellos implicados, con Narón, Ares, Mugaros e Fene, o Concello de Fene non estaba abonando esas facturas desde 1 de xaneiro de 2007. Houbo diversos contactos

do Concello de Ferrol cos diversos Alcaldes e ao final o acordo político que houbo entre o Alcalde de Ferrol, o de Narón, o de Neda, de Ares, Mugarbos e o de Fene é o que se recolle neste convenio, que ao seu xuízo é un bo convenio e un bo acordo posto que conseguiron algo que para este goberno municipal era prioritario que era que o Concello de Ferrol non podía subir o prezo da auga o cento por cento de golpe dun ano para outro sen dar ningún tipo de tempo nen aos veciños nen ao goberno municipal de reaxustar ese prezo. Conseguiron que se plasme neste acordo unha subida progresiva do prezo da auga ao longo de cinco anos, é dicir, que a eses 0,15 en vez de chegar nun ano chegaríase en cinco anos ata o 2012 para que Ferrol tamén axuste o seu sistema de prezo de auga e deixe de ser un servizo tan deficitario como é neste momento, porque parécelle inxusto que os veciños de Ferrol carguen unicamente co déficit que poida ter o servizo da auga. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención e manifesta que en todo caso o prezo de 0,17 ao que se chegaría no 2012 é un prezo que segue estando por debaixo do que pagan os Concellos de media noutras zonas de Galicia onde se da este tipo de situación. Ademais para non vernos en posibles situacións similares en cinco anos e para evitar situacións como a que vivimos, os Concellos implicados esixiron a Ferrol para poder asinar ese convenio, que non se contemplasen estes cinco anos de subida progresiva ata chegar ao límite que Ferrol estimaba como mínimo para sanear algo o servizo mancomunado da auga, senón que esixiron ter cinco anos máis contemplados no convenio, nos que Ferrol garante que a auga unicamente se lle vai aplicar o IPC, co cal o convenio asinado e que hoxe terá que ratificar a corporación municipal para que teña validez e entre en vigor, supón un acordo a dez anos, cinco anos nos que se establece e se regularice o prezo da auga progresivamente, e cinco anos mais nos que simplemente se aplica o IPC ao prezo de auga e ademais contéplase unha cláusula no convenio na que di que si ao final deses dez anos, ningunha das partes denuncia a finalización do contrato, automaticamente o convenio se prorroga outros dez anos máis nos que se aplicará o IPC, é dicir, no mellor dos casos, estase a falar dun convenio a vinte anos nos que vai haber tranquilidade e estabilidade no prezo da auga e no peor dos casos un convenio a dez anos nos que tamén terase esta tranquilidade e estabilidade. É importante porque protexe de decisións unilaterais que tome a empresa de auga de Ferrol e tamén é importante no sentido de que isto vai permitir planificar moito mellor a taxa da auga cando se teña que debater no Concello de Fene, e planificar moito mellor o servizo neste Concello, e lembra que cando se aprobaron as taxas municipais se adoptou nesta Corporación adoptouse un acordo por parte do grupo de goberno e dos grupos da oposición que o vían como positivo de facer un estudio serio, rigoroso, no servizo da auga no Concello de Fene de ver exactamente qué eivas ten, qué déficit ten, qué números exactamente económicos arroxa o servizo e en función diso, e en función de que xa temos un prezo da auga estabilizado polo menos en dez anos, planificar tamén o prezo da auga que o Concello lle cobra aos veciños nos próximos anos, porque este é o prezo que Ferrol lle cobra ao Concello, non o que o Concello lle vai a cobrar aos veciños. En definitiva cre que é un bo acordo e un acordo que despois dun ano de diálogo e negociacións entre dúas Corporacións tanto en Fene como en Ferrol, ao final se pode asinar e asumir sendo positivo tanto para os intereses de Ferrol como os de Fene neste caso. Sinala que hai un informe de intervención ao respecto e que pasa a darlle lectura.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que cren que o convenio ou pode ser moi bo ou moi malo, non teñen a información necesaria e precisa para poderse pronunciar sobre o mesmo, cre que o mais normal sería que a este convenio se houberan acompañado ao mellor uns estudos económicos, de custes, de mercado, que levase á determinación do prezo final da auga, pero que ao mellor resulta que o prezo de 0,17 é excesivo ou non axeitado e tería que ser superior, que unicamente se lles presenta o convenio e se lles di que hai que dalo por bo porque está ben, para eles sinceramente non saben si está ben ou mal, é simplemente unha cuestión de información, non teñen información algunha para saber se iso é así, cre que na situación na que está o

Concello de Ferrol, que é un concello grande, que ten unha empresa mixta que tamén se rexe por criterios públicos e privados o normal houbera sido que nestas negociacións que se levaron adiante entre os Concellos houbera aportado unhas bases sólidas sobre as que fixar o prezo da auga, non lles vale que o prezo da auga en Coruña ou Santiago sexa superior, ao mellor as infraestructuras son superiores ou os custos de mantemento, non o saben, é dicir, é algo sobre o que non poden pronunciarse ao carecer de opinión. O que si ven é que a subida de todos estes anos van a ser importantes estase a falar de quince puntos, trece puntos e once puntos sobre o IPC, sobre o xa subido o ano anterior, que non son subidas para desprezar. Quere dicir que os consumidores o van notar ben no seu recibo da auga, e estes prezos fixos tamén quedan un pouco á expectativa de situacións extraordinarias que xa o di o convenio precisamente a negociación de convenios colectivos por parte dos traballadores de Emafesa incrementa ese prezo da auga, supón que no seu momento, xa que aquí non se di nada, o Concello de Ferrol acreditará convenientemente esas situacións extraordinarias; que unha situación extraordinaria que se vai dar é a posta en funcionamento da estación depuradora que vai repercutir no recibo da auga, polo que cre que ao final ese recibo si vai chegar a unha subida do cento por cento, e remata dicindo que eles nesta votación vanse abster porque non teñen información, e volve a repetir, ou ben a subida é excesiva ou é escasa, pero non teñen posibilidade de pronunciarse sobre este convenio.

Acto seguido pide o luso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que feita a análise deste convenio, ve que a petición inicial que había que significaba que desde o 1 de xaneiro do ano que estamos xa tiña un prezo de 0,14 céntimos que era o cento por cento, ve que este convenio ten algunhas cousas positivas, entre elas, xa que se parte do 1 de xaneiro deste ano, que hai que pagar os atrasos de 0,10 céntimos, cre que é positivo. Tamén ve que tamén que non é unha subida de golpe, que os catorce céntimos que se pedían que se alcanzan no 2010, certo é que a subida é bastante grande, tamén se ve positivo que o convenio ten unha vixencia de cinco anos onde se acadan dezasete céntimos de euro no 2012, que nos últimos cinco anos subirá o IPC é positivo. Pero tamén ve unha serie de cousas que non lle convencen en absoluto, primeiro que este convenio que se presenta cunha prèsa de tempo non houbo tempo suficiente para estudialo, e si ademais a isto únese que coincide nunhas datas como fin de ano en que moita xente está de vacacións ou en viaxes, non deu tempo a estudialo con detemento. Que tampouco se lles informou do acordo cando xa estaba practicamente rematado, e non o ven positivo, e que deste acordo enterouse practicamente pola prensa, e tamén se bota de menos un estudio económico que reflecta as diferentes alternativas que se poidan producir, polo tanto, a súa posición vai ser de abstención.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que para o BNG é un acordo aceptable, mais ben poden dicir que moi aceptable porque a nivel económico resolve un problema que había este ano, problema que Ferrol, derivado dunha imposición do goberno anterior no Concello de Ferrol en que as facturas pasaron do 0,7 ao 0,15 a 1 de xaneiro, cre que se resolve axeitadamente ese tránsito e despois establece uns prezos progresivos a dez anos que lles fagan ter unha perspectiva, como ben dicía o Alcalde, para poder facer os estudos de custos a nivel municipal para saber qué cantidade de diñeiro hai que repercutir aos veciños; que en todo caso, o establecemento das tarifas por parte do concello de Ferrol, supón que os estudos serán os mesmos que falaban do 0,15 hai un ano, serán os mesmos que falan destas cifras nas que están a barallar. Cre que en todo caso os estudos económicos que ten que facer Emafesa e o concellos de Ferrol os terán que facer eles, pero o que o seu grupo ten claro é que si se pasa dunha imposición do 0,15, a ter unha negociación para chegar a esas cantidades en cinco anos e unha cuestión progresiva, cre que bastante razoable e a partir de aí aplicar o IPC, entenden que é un acordo aceptable e un bo acordo tendo en conta que, a negociación non foi só con Fene, senón que foron todos

os Concellos da comarca e cada un poñía sobre a mesa as súas casuísticas, que eles desde o seu grupo municipal observan que outros Concellos aprobaron isto por unanimidade e entenden que este acordo polo menos asegura un futuro a dez anos e non deixa na incerteza de que Emafesa, que efectivamente é unha empresa pública pero de xestión privada, poida establecer os prezos un pouco polo consumo, senón que eses prezos teñen que ser negociados politicamente e entenden que debe ser así nun ben como é a auga, e manifesta o apoio do seu grupo ao acordo.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer unha pequena matización, que o ideal para o goberno municipal era que o prezo da auga non subise pero hai que ter en conta tamén do punto do que partimos, e como dicía o voceiro do BNG, partíase dunha situación na que si ou si tiñamos unha auga xa facturada desde 1 de xaneiro de 2007 a 0,14 e conseguiron aprazar esa suba a cinco anos de forma progresiva e polo tanto asumible e por enriba atar o prezo da auga outros cinco anos mais so coa suba do IPC. Non é evidentemente a situación que puideran considerar como a mais ideal pero dentro do campo realista no que se estaban a mover cre que sí que é a mellor solución que se podería ter adoptado. Coincide co voceiro do PP basicamente, na negociación, e pode prometer que como alcalde de Fene nas conversas nas que estivo presentes pediu e esixiu constantemente ter mais datos, mais estudos económicos serios e rigorosos por parte de Emafesa e poder que este convenio, que aplicándolle o raciocinio vese que é un convenio razoable, axeitado, vantaxoso cre incluso para Fene pero que non estaría de mais ter un estudo económico serio e rigoroso detrás para avalar estas cifras, que se pediu, se esixiu que facilitaran determinados datos e resultados económicos de Emafesa pero chegado o final de ano había dúas alternativas, ou asinar este convenio que lles parecía a todos razoable e serio, ou atrasalo simplemente polo feito de que Emafesa non proporcionase este estudo, que no caso do concello de Fene do que se falou durante o debate das taxas, ese estudio serio e rigoroso que tiña que proporcionar Aquagest, sendo a concesionaria do servizo deste Concello, o van ter e evidentemente van ter todo este exercizo para conseguilo pero a eles a concesionaria municipal estalles a custar traballo ter exactamente eses datos, que os terán pero que está custando traballo, para canto mais si estase a falar de terceiras administracións. Que en todo caso coincide co voceiro do PP en que sería mais desexable así pero a situación real na que se vían era esta, e quere lembrar que no pleno de Ferrol precisamente o Partido Popular criticou ao Alcalde de Ferrol e ao goberno municipal de Ferrol por considerar demasiado vantaxoso para Fene e para Narón este acordo e se abstiveron.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular votou a favor no Concello de Narón, pero non se trata diso, eles están a falar de falta de información, e dálle igual que o PP vote como queira en Ferrol ou en Narón, eles falan que o seu grupo carece de información, e as persoas sen información non teñen opinión.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007 co seguinte resultado:

Votos a favor doce (12), dos/as señores/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Sejjido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo e Pico Sanmartín.

Votos en contra ningún.

Abstencións: cinco (5) dos/as señores/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007, que devén en acordo nos terminos anteriormente transcritos.

4º.- PROPOSTA SOBRE PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES.-

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

Visto o acordo adoptado pola Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada en data 4 de Xaneiro de 2007 polo que se aprobaba o proxecto constructivo de Abastecemento de Auga a Magalofes.Fene (A Coruña).

Visto o escrito da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia de data 7 de marzo de 2007 sobre “Abastecemento de Auga a Magalofes.Fene (A Coruña) (O.H.215.763), no que inclúe actuacións a realizar neste concello correspondentes ás obras sinaladas segundo o proxecto remitido por este Concello a Augas de Galicia, e no que solicitan acordo plenario sobre diversos aspectos.

Visto o informe de Intervención núm. 541/2007 de data 27 de Decembro de 2007 que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM. 541 /2007

Asunto: Abastecemento de auga a Magalofes. Fene (A Coruña).

D.Agueda Bello Valdés interventora do Concello de Fene, ao abeiro do establecido no artigo 214 do R.D. Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido de la Lei reguladora das facendas locais, con carácter previo ao asunto de referencia ten a ben emitir o seguinte

INFORME

Respecto ao punto relativo a renuncia expresa a retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras da proposta fiscalizada, esta intervención entende que na Lei reguladora das facendas establece que ao abeiro do establecido no seu artigo 9.1 “ non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas de rango de lei ou nos tratados internacionais. Neste sentido tamén se pronuncian as ordenanzas fiscais reguladoras da taxa e o imposto citados respectivamente.En base ao dito a citada cláusula suporía unha exención total dos tributos locais correspondentes por tanto, non considero que esta axustada a dereito.”

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- solicitar á Presidencia do Organismo autónomo augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras do proxecto constructivo de Abastecemento de auga a Magalofes.Fene (A Coruña), cun orzamento de execución por contrata de 823.706,11 Euros.

Segundo.- Compromiso deste concello á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Terceiro.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Cuarto.- Expoñer ao público o referido proxecto durante o prazo de 20 días hábiles a efectos de reclamacións.

Quinto.- Compromiso do concello de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Sexto.- Compromiso do concello de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. Do Decreto 84/1997).

Setimo.- Remitir novamente, certificación do acordo adoptado polo pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 4 de Xaneiro de 2007.

Oitavo.- Remitir certificación dos presentes acordos á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Aberto o turno de intervencións fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que é un proxecto conveniado coa Xunta de Galicia para o seu financiamento, e consiste en abastecer de auga potable desde a zona de Vilar do Colo á parroquia de Magalofes e eventualmente cando se teña feita a instalación a Magalofes e se teña conseguido o financiamento, abastecer tamén a San Marcos e a parte mais alta de Sillobre. Sobre este convenio o que hai a día de hoxe é un proxecto aprobado por este pleno e enviado xa á Xunta de Galicia no seu día, pero quedan unha serie de puntos por aprobar que esixe a Consellería de Medio Ambiente para financiar integramente este proxecto. Tamén desde que se aprobou o proxecto na sesión plenaria de principios deste ano o Concello realizou diversos trámites de cara a contar cos permisos necesarios para a execución da obra, que a maior parte dos terreos son de propiedade da Deputación provincial porque discorre polo lateral da estrada provincial e está todo resolto coa Deputación, co Ministerio de Fomento para atravesar a N-651, unicamente quedan dous trámites con outras administracións por resolver que son unha autorización de Patrimonio xa que pasa por zona do Camiño Inglés que está solicitada pero que patrimonio reclamou mais documentación, e estase á espera de que de a autorización definitiva e tamén chegou esta semana un escrito de Augas de Galicia onde piden mais información sobre como a conducción de auga salvará os cursos naturais de auga, ríos que hai en todo o traxecto, simplemente para que coñezan exactamente que é o que planeamos nesas zonas de afección de Augas de Galicia, en todo caso son trámites administrativos que están sendo resolto que non deberían implicar ningún tipo de problema para levar a cabo este convenio. Tamén o Concello está a falar cos propietarios das dúas parcelas que hai que comprar para instalar nunha delas o depósito e noutra o paso da conducción de auga potable, nunha das parcelas hai algunha dificultade pero froito da acreditación da titularidade por parte do propietario da parcela porque é froito dunha herdanza e non ten solucionado o papelexo no Rexistro da Propiedade e iso podería condicionar a que houberse ou non que cambiar a ubicación do depósito, en todo caso son trámites administrativos que o concello está a facer. Que o que hoxe hai que aprobar no pleno que é o que pide a Xunta de Galicia antes de finalizar o ano porque é unha obra

contemplada nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2007 é que se di na proposta da alcaldía á que da lectura. Que estes seis puntos son os que hai que aprobar hoxe no pleno, e que hai un informe de Intervención que pasa a ler. Con respecto ao punto terceiro do informe ten que dicir que nesta semana, froito deste informe de intervención e de outras obras que había coa Xunta de Galicia onde se esixía tamén a renuncia ás taxas por parte do Concello, puxéronse en contacto coa Consellería de Medio Ambiente, se lles propuxo alterar un tanto o acordo e en vez de pedirlle á Xunta un financiamento do cento por cento pedirlle o do 97,5% e en vez de comprometerse o Concello a eximir das taxas, comprometerse o Concello a contribuír nun 3,5% do financiamento das obras que suporía unha cantidade similar á que o Concello cobraría polas taxas á Xunta de Galicia, co cal estaríase na práctica financiando esa obra e na práctica tamén evitándolle á Xunta de Galicia un gasto por enriba do cento por cento do custo da obra, pero a verdade é que por parte da Intervención da Xunta de Galicia se lles di que non se acepta, que o compromiso ten que ser tal cal e que doutro xeito á Xunta e a Consellería de Medio Ambiente non poderían desenvolver a obra, polo tanto a proposta que se trae a este pleno é aprobalo tal como a Xunta de Galicia o esixe, coa salvidade de que, e así constará na acta, o Concello intentou facelo doutro xeito, e tamén coa salvidade de que durante este período desde aquí ata a licitación da obra, intentarase coa Xunta de Galicia buscar o mecanismo legal para que efectivamente non teña que pagar ningún tipo de taxa, cousa que parece razoable se van financiar o cento por cento do prezo da obra, pero en todo caso a cousa está así e o acordo hai que adoptalo antes do 31 de decembro para poder continuar e ter esa reserva de cartos da Comunidade Autónoma.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que queren lembrar que no pleno no que se aprobou o proxecto da auga existían deficiencias técnicas que facía constar o técnico municipal ao respecto dese proxecto, cren que non son deficiencias técnicas menores, non vai recordar todo o que dicía o técnico, pero entre outras cousas había unha deficiencia que era moi importante que non existía no depósito un repartidor, co cal por calquera problema técnico que houbera no depósito a parroquia ía quedar sen auga, cren que había uns puntos resaltados polo técnico que deben ser tidos en conta á hora de facer unhas pequenas ou grandes modificacións a ese proxecto sen perxuro de que efectivamente se vote a andar e que se leven a cabo esas modificacións técnicas as van estar esixindo. Por outro lado queren recordar que este proxecto non é levar auga a toda a parroquia de Magalofes senón que é simplemente levar auga á marxe dereita da calzada da Deputación e por tanto vaise dar servizo só á metade desa parroquia, e niso queren recordar as promesas electorais, que para iso están aquí, para que se fagan cumprir, onde o Partido Socialista dixo que pola marxe dereita non, que sería pola dereita e pola esquerda, entón este proxecto ten que ser tamén modificado no senso de que a auga ten que vir tamén pola marxe esquerda, que eles seguen a votar a favor e seguirán votando a favor pero iso o van estar recordando continuamente e por tanto cren que si nun determinado momento fanse unhas promesas electorais, non saben en que sentido porque naquel momento o proxecto tal e como se aprobou no pleno ía como ía, era un inicio, parécelles ben, a iso súmaselle algo mais e supón que os veciños encantados, polo tanto como esa era unha promesa que fixeron tanto o Partido Socialista como o BNG pois van esixir ese cumprimento puntual.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que este proxecto xa estaba aprobado, van votar a favor, e recollen todas as recomendacións e melloras que facía o técnico municipal, algunhas cre que se poden ir facendo sobre a marcha e outras, como dicía o voceiro do PP haberá que seguir insistindo sobre elas para que se vaian cumprindo e que o seu voto vai ser afirmativo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que entenden que este proxecto é importante, que hai que seguir avanzando por iso desde o

BNG, entendendo que é un proxecto que se aprobou na anterior corporación, agradecer o apoio de todos os grupos, tamén entenden que os proxectos desafortunadamente veñen axustados ao diñeiro que hai, e que colaborarán e apoiarán á Concellería de obras neste caso, para facer todas esas xestións necesarias para que non só pola dereita senón tamén pola esquerda e que ningún veciño de Fene e ningunha casa de Fene quede sen auga por un capricho, cren que son cuestións económicas e que as obras hai que seguir facéndoas axustadas a eses cartos e cre que vai haber unanimidade e por iso van apoiar este punto.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere dar as grazas a todos e todas e ao Sr. Galego Feal dicirlle que lle quere dar as grazas dobremente, unha porque vai apoiar ao goberno municipal no intento coa Xunta de Galicia para que ese depósito cando se faga vaia dividido porque así o pediu cando estaba na oposición e agora que están no grupo de goberno, e que teña un marxe de reserva para que cando haxa un fallo no depósito que a parroquia non quede sen auga, e as grazas tamén por recordarlle o programa electoral pero o teñen moi claro e asumido e en todo caso si que é certo que o prioritario é facer a canalización da auga a Magalofes que vai financiar a Xunta de Galicia pola marxe dereita, pero que loxicamente o Concello con cargo aos seus orzamentos, ao POS ou a diferentes achegas que vai recibindo se complete esa canalización de auga polas dúas marxes da calzada o que co proxecto actual e tal como dicía o informe técnico no anterior mandato, a Deputación Provincial non ía permitir cruzar a calzada constantemente, pero seguro que a vontade de toda a Corporación é de facelo polas dúas marxes.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de Decembro de 2007 que resulta aprobada por unanimidade tal e como figura transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e cincuenta e seis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria acctal.,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: M^a del Pilar Acebes Ruano.